

Valores e literatura

Esta semana pasada houbo un incidente ben desagradábel nun instituto de Ourense: un alumno pegoulle a un profesor porque este lle prohibiu fumar dentro da clase. É preocupante, a este respecto, a cantidade de voces que se queixan do aumento de actitudes violentas e insolentes nos centros de ensino primario e medio, fundamentalmente. E isto lévame outra vez ao tema das relacións entre valores éticos e literatura (ou arte, en xeral), nun momento en que se está a debater en foros especializados arredor da denominada Educación en valores ou Valores cívicos, é dicir sobre Ética.

Trátase, en definitiva, de responder á pregunta: ¿serve a literatura (e a arte, en xeral) para formar unha sociedade mellor e máis culta? Pois mire vostede, por unha parte, xa ve, e por outra, ¿qué quere que lle diga? Pero non mesturemos: ¿Mellor, nun sentido ético e moral? ¿E máis culta? Dende logo, máis culta si, claro. Unha sociedade que aprecia e entende en arte é máis culta, pero a cultura non garante a inexistencia de comportamentos bárbaros nin leva de seu necesariamente asociada unha ética e moral acrisoladas. E aínda máis: a cultura mesmo pode dotar de instrumentos sutilísimos para a realización dos máis horrendos crimes. Non eran iletrados os que provocaron os holocaustos de Hiroshima ou dos campos de concentración nazis, nin os que organizaron o gulag na antiga Unión Soviética. Entre as persoas responsábeis da actual barbarie en Chechenia de seguro hai algunhas con refinados coñecementos artísticos.

Por máis que noutros tempos un pensase inxenuamente que, en efecto, a literatura tiña por forza que facernos mellores, a experiencia demostra que esa crenza cómpre abandonala o máis axiña posíbel se non se quere quedar de tonto. E moito menos crer que as obras reflicten necesariamente o talante e textura ética e moral dos seus autores. A arte non é necesariamente un camiño de perfección, como tampouco o é necesariamente de perdición. Simplemente, a arte é ficción, e calquera, sexa ou non boa persoa, ética e moralmente admirábel ou execrábel, con tal de que posúa a habilidade suficiente e de que coñeza os recursos apropiados, pode elaborar unha obra de arte, que será portadora de valores

positivos ou negativos para os individuos e as sociedades, segundo as lecturas que se lle queiran facer en cada momento.

O profesor e crítico franco-norteamericano de ascendencia xudeo-vieneses George Steiner mesmo afirma que a afección á literatura (e digo eu, á arte, en xeral) pode insensibilizarnos respecto da realidade e levarnos a que nos conmovamos máis unha morte de ficción ca unha morte no cuarto do lado. Dende logo ese comportamento, que tería algo de patolóxico, non pode facernos arredar da literatura porque máis 'cornás' dá a ignorancia dela, pero non debemos botar en saco roto o pensamento de Steiner.

A arte non téñ como misión facer cidadáns exemplares. Bo chasco debeu levar don Avito Carracascal, o inefábel pai de Apolodoro na novela *Amor y pedagogía* (1920), de Unamuno, cando mantivo este diálogo co seu fillo acerca dos xogos: "—Papá, todos quieren ser ladrones y a mi me ponen de guardia civil siempre, porque soy el más chiquito. —Mejor, hijo mío, mejor; vale más ser guardia civil que ladrón... —¡No, no es mejor; los ladrones se divierten más!".

A obra de arte téñ moito de xogo, e seguramente ese rapaz de Ourense que lle pegou ao profesor preferiu imitar aos alumnos insolentes e violentos dos telefilmes americanos cós educados e nobres, anque estes ao final da 'peli' queden na ficción invariabelmente moi por riba daqueles, dende o punto de vista social, ético e moral. Así que haberá que armar á sociedade dun sistema de pensamento ético co que salvagardar os valores da civilización democrática, entre os que se atopan moi principalmente os bens artísticos, en xeral, e literarios, en particular, e deixarse de noveleos en cousas tan serias.

El Correo Gallego, luns, 28-II-2000